

OTTAWA setembro-outubro 2017

A miña estancia en Canadá ao comezo deste curso 2017-2018 enmárcase dentro do programa PIALE (Programa Integral de Aprendizaxe de Linguas Estranxeiras), que convoca anualmente a Xunta de Galicia.

Unha das modalidades propostas é a de integración, que vai destinada, entre outros, a docentes non especialistas en inglés que están impartindo unha sección bilingüe ou teñen intención de implantala no seu Centro, como era o meu caso na materia de Economía en 1º de Bacharelato ata o presente curso académico.

O proceso de integración consiste en residir durante un mes na cidade de Ottawa, capital de Canadá, e acudir a un centro docente que te asignan para participar nas actividades do Centro, ben como observador do que se fai no mesmo, ben como activo colaborador.

Trátase de valorar a metodoloxía e os recursos empregados, as estratexias de ensino-aprendizaxe e de indagar no modelo canadense para ver se todo o que sexa positivo pode traspoñerse nos centros de ensino galegos.

No meu caso concreto, estiven no [Gloucester High School](#), un centro que imparte ensinanzas de grao 9 a 12, equivalentes as de 3º ESO a 2º Bacharelato. O Instituto, de carácter público, conta

cuns 700 alumnos que supoñen máis de 45 nacionalidades diferentes. Ao comezo deste curso o centro absorbeu o alumnado do Rideau High School que pechou. Este alumnado novo é maioritariamente de orixe indíxena, inmigrante e refuxiados, non moi favorecido socioeconómicamente e moitos deles con escaso ou nulo coñecemento do idioma. Esta integración estaba a supoñer dificultades materiais (o centro atopábase en obras de remodelación de aulas, laboratorios, etc. por importe duns 4.8 millóns de dólares canadienses), así como de adaptación do profesorado e de incremento das



necesidades de apoio de todo tipo.

O plantel docente é de 99 profesores, repartidos en varios departamentos, e a plantilla non docente ascende a varios administrativos, persoal de mantemento e de limpeza. O equipo directivo está formado pola directora¹ e tres vicedirectores. Non existe a figura de xefe de estudos, función que desempeña a vicedirección. Non existe tampouco a figura do tutor de grupo, xa que son os profesores directamente quen tratan cos pais dos alumnos.



¹ Jennifer Perry, directora de Gloucester High School

O curso académico está organizado en dous semestres de “cinco” meses: o primeiro comeza na primeira semana de setembro e remata a derradeira semana de xaneiro; o segundo comeza en febreiro e remata a finais de xuño. Aparte dos días festivos, hai un período vacacional por semestre: en Nadal e a finais de marzo (sen ter que coincidir coa Semana Santa). Tamén se consideran non lectivos as dúas reunións que por semestre fai o claustro de profesores para tratar diferentes temas.

Aínda que hai dúas avaliaciós por semestre, so a última ten un carácter realmente avaliatorio, xa que nela fanse exames finais das materias, a primeira ten un carácter máis informativo da marcha do alumnado.

A organización diaria consta de 4 períodos lectivos de 75 minutos, nos que se repiten as mesmas materias. Cada profesor ten aula propia (aínda que este curso co tema das obras sen rematar tiñan que compartir espazos), polo que son os rapaces os que se desprazan. Para isto, dispoñen dun tempo de tránsito de 5 minutos. Entre o segundo e o terceiro período é o tempo do xantar, para o cal teñen 50 minutos.

Cando o profesor está ausente, os alumnos poden estar na biblioteca ou na cafetería se non hai profesor que os atenda. A biblioteca é un lugar de estudio e de lectura onde varios profesores poden coincidir ao mesmo tempo e impartir alí as súas clases sen molestar. A persoa encargada da biblioteca ten dedicación completa e organiza sesións formativas para o alumnado sobre a correcta maneira de citar bibliografía, como sacarle partido ao material dispoñible na biblioteca e á busca de información online.

O horario do Centro é igual para todos. Éntrase ás 9 da mañá. Ás 9.20 comienzan as clases, todo o mundo pone en pé e soa o himno de Canadá. A continuación, polos altofalantes fanse anuncios de actividades a realizar no Centro durante o día ou mesmo para a semana.

As clases rematan ás 15.25. A partir de aí sucédense as actividades extraescolares, de participación voluntaria, na que moitos pais e profesores implícanse. Entran aí as actividades dos moitos clubs dos cales se responsabilizan diferentes profesores: arte, lectura, xadrez, ioga, escritura, e o “Gator Power” (o Gator é o símbolo da escola) un club de estudiantes que organiza accións de colaboración con diferentes ONGs.

As aulas, preparadas para 20-25 alumnos, están bastante ben equipadas e moitas contan con canón e pantalla. Tamén utilizan Chromebooks para traballos concretos do alumnado, que levan ás aulas transportados nuns carriños tipo os nosos de Abalar. Os pupitres-cadeiras son individuais e están dispuestos de xeito individual. Os profesores teñen unha liña interna de teléfono conectada con Dirección para calquera problema que poida xurdir. Periodicamente fanse diferentes tipos de simulacro para que todos saibam actuar ante calquera contingencia (a mi tocoume nada máis chegar un simulacro de incendio).

En canto ao currículo de materias o centro conta cunha oferta de programas educativos bastante ampla: Artes, Música, Negocios e Tecnoloxía, Estudos de Canadá e do mundo, Programa de Cooperación, Inglés e Inglés como segunda lingua, Estudios para a Familia, Educación Física, Ciencias, Linguas, Matemáticas, Educación Especial, entre outros.



Para obter o título os alumnos deben superar o exame de alfabetización en secundaria (habilidades de lectura e escritura) ao finalizar o grao 9. Ademais teñen que conseguir 30 créditos, dos cales 18 son obligatorios e 12 optativos. A maiores, nese período, teñen que completar 40 horas de traballos ou servizos para a comunidade. O número máximo de créditos por semestre é de 4. Entre as materias obligatorias están 4 créditos de inglés (1 por curso), 3 de matemáticas (1 no grado 11 ou 12), 2 de ciencias, 1 de xeografía de Canadá, 1 de historia de Canadá, 1 de educación física, etc. Hai actividades e materias diferentes que poden achegar créditos adicionais como Educación Cooperativa e tamén pode obterse un crédito optativo co chamado Link Crew, no cal un alumno de grado 12 comprométense a ser o titor persoal de varios alumnos de grado 9, para integralos na nova etapa.

O enfoque de todo o sistema está centrado na aprendizaxe do alumnado. A avaliación negativa debe ir acompañada das medidas correctoras necesarias para o éxito desa aprendizaxe.

Unha característica diferenciadora co noso sistema é o peso dos traballos prácticos na cualificación final, xa que o 70% do total é o traballo de aula e o 30% o resultado das probas escritas. Son, por tanto, clases dinámicas e prácticas nas que os alumnos son os verdadeiros protagonistas e na que o profesor serve únicamente de referencia.



Por último, cabe destacar a preocupación dos alumnos polos temas cotiáns. Así, forman colectivos reivindicativos como os de amnistía internacional; colectivos culturais, como os de teatro, fitness ou música; colectivos relixiosos e mesmo gastronómicos. Hai actividades para todos os gustos.

En todos os sentidos, debo sinalar que a experiencia foi realmente positiva e enriquecedora.

Asinado

Carmen Meiriño González